



**INFORME DA SECRETARÍA XERAL TÉCNICA SOBRE O "PROXECTO DE ORDE POLA QUE SE MODIFICA A ORDE DO 8 DE SETEMBRO DE 2006 POLA QUE SE DECLARAN E CLASIFICAN AS ZONAS DE PRODUCCIÓN DE MOLUSCOS BIVALVOS E OUTROS INVERTEBRADOS MARIÑOS NAS AUGAS DE COMPETENCIA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA"**

Visto o "Proxecto de orde pola que se modifica a Orde do 8 de setembro de 2006 pola que se declaran e clasifican as zonas de produción de moluscos bivalvos e outros invertebrados mariños nas augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia", en cumprimento do disposto no art. 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, esta Secretaría Xeral Técnica emite o seguinte

**INFORME:**

**I. FUNDAMENTACIÓN CONSTITUCIONAL, ESTATUTARIA E LEGAL**

O artigo 148.1.11 establece que as Comunidades Autónomas poderán asumir competencias en "materia de pesca en augas interiores, marisqueo e acuicultura". Por outra parte, o artigo 149.1.19 outorga ao Estado a competencia exclusiva sobre "a pesca marítima, sen prexuízo das competencias que na ordenación do sector se atribúan ás Comunidades Autónomas".

Sobre a base de tal fundamento constitucional, o Estatuto de Autonomía para Galicia establece que corresponde á Comunidade Autónoma galega a competencia exclusiva sobre "a pesca nas rías e demais augas interiores, o marisqueo e a acuicultura" (artigo 27.15), e sobre "as confrarías de pescadores" (artigo 27.29); así como o desenvolvemento legislativo e a execución da lexislación do Estado da materia "ordenación do sector pesqueiro" (artigo 28.5).



No exercicio destas competencias, o Parlamento de Galicia aprobou a Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro. O seu artigo 8, referido á clasificación das zonas de produción, sinala o seguinte:

“A consellaría competente en materia de pesca clasificará as zonas de produción de moluscos bivalvos e doutros organismos procedentes da pesca, do marisqueo e da acuicultura en función da calidade das augas e dos organismos mariños, de acordo coa normativa estatal e comunitaria ao respecto”.

## II. XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO.

A Orde do 8 de setembro de 2006 declara e clasifica as zonas de produción de moluscos bivalvos e outros invertebrados mariños nas augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia. Esta orde ven a responder ao regulado na normativa europea sobre a necesidade de clasificar e revisar as zonas de produción de moluscos bivalvos vivos, gasterópodos, equinodermos e tunicados, establecida a través do Regulamento (CE) núm. 853/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, polo que se establecen normas específicas de hixiene dos alimentos de orixe animal e do Regulamento (CE) núm. 854/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, polo que se establecen normas específicas para a organización de controis oficiais de produtos de orixe animal destinados ao consumo humano, regulamento este último derogado polo Regulamento de execución (UE) 2019/627 da Comisión, do 15 de marzo de 2019, polo que se establecen disposicións prácticas uniformes para a realización de controis oficiais dos produtos de orixe animal destinados ao consumo humano, de conformidade co Regulamento (UE) 2017/625 do Parlamento Europeo e do Consello, e polo que se modifica o Regulamento (CE) núm. 2074/2005 da Comisión no que respecta aos controis oficiais.

O Regulamento (CE) núm. 853/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, sinala que os recolectores só poderán recoller moluscos bivalvos vivos en zonas de produción con localización e límites fixos, clasificadas pola autoridade competente como pertencentes ás clases A, B ou C. Tamén se indica expresamente que non estarán autorizados a producir ou recoller moluscos bivalvos vivos procedentes de zonas que non foran



clasificadas pola autoridade competente ou que non sexan aptas por razóns de sanidade.

O Regulamento (CE) núm. 2019/627 da Comisión, clasifica as zonas de produción, en función do grao de contaminación fecal, en zona A, B, ou C.

As zonas de produción xa clasificadas deben someterse a controis periódicos, mediante plans de mostraxe, para comprobar se cumpren as condicións sanitarias establecidas para os moluscos ou se pode haber calquera tipo de risco para a saúde humana. Con base nisto, a autoridade competente poderá pechar a zona de produción afectada. Porén, este regulamento outorga a posibilidade de que a autoridade competente poida reclasificar unha zona de produción na categoría B ou C se cumpren as condicións establecidas no mesmo e non presentan outros riscos para a saúde humana. Ademais, este regulamento establece a obriga de elaborar e manter actualizada, pola autoridade competente, unha lista de zonas de produción, así como de comunicar calquera cambio nesta.

Como xa quedou exposto, para dar cumprimento a esta normativa a Consellería do Mar publicou a Orde de 8 de setembro de 2006 na que declara e clasifican as zonas de produción de moluscos bivalvos e outros invertebrados mariños nas augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia. Posteriormente esta orde foi modificada polas Ordes do 19 de xullo de 2010, 14 de marzo de 2011, 6 e 28 de xullo de 2011, 23 de novembro de 2011, 8 de marzo de 2012, 5 de outubro de 2012, 24 de abril de 2013, 24 de xullo de 2015, 28 de outubro de 2015, 24 de novembro de 2016 e 8 de abril de 2019.

Como consecuencia dos controis periódicos realizados é preciso realizar unha nova modificación da Orde do 8 de setembro de 2006 para introducir as variacións indicados na memoria, no que respecta aos límites, clasificación microbiolóxica e mapa das zonas de produción GAL 09/08 e GAL 10/08.

### **III. TRÁMITES REALIZADOS E RESULTADO DOS MESMOS.**

A elaboración do presente proxecto levouse a cabo pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, centro directivo a quen lle corresponde, entre outras competencias, as relacionadas co establecemento das condicións para o exercicio da actividade marisqueira e coa adopción de medidas tendentes á mellora e explotación equilibrada dos recursos naturais no medio mariño, de



conformidade co disposto no Decreto 150/2021, do 11 de marzo, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar.

Consta no expediente a memoria xustificativa sobre a súa legalidade, acerto e oportunidade; a memoria económico-financieira e o informe do Servizo de Técnico Xurídico.

Unha vez rematada a fase inicial de elaboración, o texto aprobouse pola conselleira do Mar como proxecto de orde.

Ao non supoñer custo económico, o proxecto foi informado favorablemente o 27 de xullo de 2021 pola Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos da Consellería de Facenda.

Así mesmo, obra no expediente o informe do 23 de xullo de 2021, da Secretaría Xeral de Igualdade, no que se indica que a presente disposición non ten incidencia directa dende o punto de vista da perspectiva de xénero nin se aprecia colisión coa normativa vixente en materia de igualdade.

Tamén conta co informe favorable, emitido o 28 de xullo de 2021, da Dirección Xeral de Saúde Pública.

Por razón do seu contido, o proxecto normativo non precisou do informe da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa.

De conformidade co disposto no artigo 9 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, o proxecto publicouse na páxina web do portal de Transparencia e Goberno aberto durante o período comprendido entre o 19 de xullo de 2021 e o 9 de agosto de 2021, tal como consta no certificado da Dirección da Área de Modernización das Administracións Públicas do 7 de setembro de 2021, no que se indica que non se recibiron suxestións a través do formulario dispoñible no propio portal de Transparencia e Goberno aberto.

En cumprimento do trámite de audiencia previsto no artigo 42 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, enviouse o proxecto de orde ás federacións de confrarías indicadas na memoria xustificativa. A resultados do trámite de audiencia, formulou alegacións a Confraría de Pescadores "San Martiño" do Grove, co resultado indicado na memoria final.

O proxecto foi informado favorablemente o 7 de outubro de 2021 pola Asesoría Xurídica ao consideralo conforme ao ordenamento xurídico.



#### IV. ESTRUCTURA E CONTIDO.

O presente proxecto de orde estrutúrase nun preámbulo e nun artigo único, mediante o cal se modifican os anexos I (moluscos bivalvos), e II (mapas zonas de produción). Completa o proxecto de orde unha disposición derradeira, referida á entrada en vigor.

De conformidade co anterior, tendo en conta os aspectos analizados, o texto proposto reúne os requisitos esixidos na normativa de aplicación examinada anteriormente e se cumpriron tódolos trámites legais preceptivos con adecuación aos principios de necesidade, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia, accesibilidade, simplicidade e eficacia establecidos no artigo 37.a) da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, polo que esta Secretaría Xeral Técnica informa favorablemente o proxecto de orde.

Santiago de Compostela, 8 de outubro de 2021  
A secretaria xeral técnica



Silvia Cortiñas Fernández

